


VISITA Á DOMUS

O alumnado de 4º ESO A e 4 ESO B, acudimos á Domus os días 29 e 22 de abril, respectivamente, para realizar unha actividade da materia de Bioloxía e Xeoloxía. Ademais, puidemos ver as diversas exposicións que se están exhibindo no museo neste momento.

O primeiro que fixemos ao baixar do bus, foi dirixirnos ao Balcón de Balmis –que queda ao lado da Domus– para que tod@s os que non o fixeran antes, puideran velo en persoa. Alí expliqueilles o que xa lles dixeramos na presentación polas aulas sobre que é unha homenaxe á Expedición filantrópica que levou a vacina a América.



Unha vez na Casa do Home, pasamos ao obradoiro. Este consistía en investigar a escena dun crime utilizando mostras reais e a técnica da PCR. O obxectivo era atopar o asasino, e para iso había que comparar o ADN do culpábel co dos sospeitosos.



Mentres traballaba a máquina da PCR, como tarda bastante, puidemos visitar o museo.

A primeira exposición –que se atopa na entrada– está dedicada ás vacinas e á súa importancia. Elixiron para exemplificalo a Expedición Filantrópica, pois esta conseguiu erradicar a variola. Representaron a escena na que os 22 nenos parten do porto da Coruña cara ás Américas para acabar converténdose en heroes. Xa é casualidade...a mesma escena que eliximos no Miraflores.



Canto ao resto da planta baixa, pódense observar dúas exposicións: unha sobre xenética e outra sobre a nutrición.

No primeiro piso atopamos actividades relacionadas coas neuronas, co funcionamento do cerebro.

E finalmente, no segundo andar temos unha exposición sobre a evolución.

En definitiva, pareceume unha saída moi entretida na que ademais de pasalo xenial, puidemos reforzar os coñecementos adquiridos en bioloxía durante este curso e o pasado.

Por outra banda, encantoume ver a exposición sobre *Os nenos da variola* xa que é no que estivemos traballando todo o curso no club de lectura.

LUCÍA MARTÍN SAMPEDRO 4ºESO B